

CAMPAMENTOS VERÁN'26

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN ANO 2026



Concello da Coruña

CAMPACOLES VERÁN 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Alumnado de Educación Infantil e Primaria nado entre o 1/01/2014 e o 31/12/2022, matriculado nun CEIP do Concello da Coruña no curso 2025/2026.

INSCRICIÓN: 4, 5, 6 e 7 de maio a través do formulario en liña dispoñible en <https://app.fedapascoruna.org/login>.

- * *Asignarase un número correlativo a cada solicitude segundo a orde de inscrición.*
- * *No caso de irmáns, tomarase como referencia o número asignado ao que se inscriba en primeiro lugar (os restantes irmáns deberán inscribirse a continuación).*
- * *A adxudicación das prazas farase comezando polo número que resulte do sorteo, atendendo á orde de preferencia indicada e ás prazas dispoñibles. Procurarase conceder, polo menos, unha quenda a cada solicitante antes de asignar unha segunda.*

PUBLICACIÓN DE LISTAXES: As listaxes de persoas admitidas (provisionais e definitivas) poderán consultarse na web municipal (www.coruna.gal), no 010 e na web da Federación de ANPAs (www.fedapascoruna.org).

- **Listaxes provisionais de admitidos/as:** 15 de maio.
- **Reclamacións ás listaxes de admitidos/as:** 18 e 19 de maio.
- **Publicación das listaxes provisionais :** 20 de maio
- **Sorteo de prazas:** 21 de maio.
- **Listaxes definitivas de admitidos/as:** 1 de xuño.
- **Chamadas á lista de espera:** a partir do 10 de xuño.

PAGAMENTO: Unha vez asignada a praza, deberá aboarse a cota correspondente mediante transferencia á conta ES37 2100 6359 5802 0006 1816 (titular: Federación Provincial de ANPAs de centros públicos da Coruña). No caso de non realizar o pago no prazo establecido, perderase a praza, que será ofrecida á seguinte persoa en listaxe de agarda.

QUENDAS: 3 quendas en total.

- 1ª quenda: do 22 de xuño ao 3 de xullo (*24 de xuño festivo local, sen actividade*).
- 2ª quenda: do 6 ao 17 de xullo.
- 3ª quenda: do 20 de xullo ao 31 de xullo (*25 de xullo festivo, sen actividade*).

HORARIO:

Horario diario: de luns a venres, de 10:00 a 14:00 h (fins de semana e festivos excluídos).

Horario complementario: dispón de servizo de madrugadores e de comedor.

- * Madrugadores: de 8:30 a 10:00 h (con ou sen servizo de almorzo).
- * Comedor: de 14:00 a 15:30 h (pódese recoller aos/ás participantes a partir das 15:00 h).

LUGARES DE REALIZACIÓN (SEDES): CEIP Juan Fernández Latorre; CEIP María Barbeito; CEIP Novo Mesoiro; CEIP Ramón de la Sagra; CEIP San Francisco Xabier; CEIP San Pedro de Visma; CEIP Torre de Hércules; CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

TRANSPORTE: Non se ofrece servizo de transporte.

Nº PRAZAS: 1.080 prazas en total (360 por quenda, 45 prazas en cada centro escolar por quenda).

COTA DE INSCRICIÓN (POR QUENDA):

Campacole: 40,00 €

Madrugadores sen almorzo: 20,00 €

Madrugadores con almorzo: 36,00 €

Comedor: 60,00 €

** O alumnado beneficiario da bolsa de comedor no curso 2025/2026 terá unha bonificación do 50% na cota do Campacole. Este desconto non se aplica aos servizos de madrugadores nin de comedor (que se aboan íntegros).*

** Seguro de accidentes: 5,00 € (exentos deste pago os participantes matriculados en calquera programa ofertado pola Federación de ANPAs no curso 2025/2026 — “Cóxegas”, “Deporte no Centro”, “Arte e Cultura no Centro” ou “Idiomas no Centro”).*

ACTIVIDADES PREVISTAS: As actividades teñen un carácter multidisciplinar, con propostas que van dende a animación á lectura ata os xogos e deportes, pasando polos xogos de enxeño, actividades musicais e teatrais. Como o ano pasado, incorpórase 1 hora diaria de inglés para cada grupo dentro da programación do Campacole. Todas estas propostas xirarán arredor dun fío condutor ou temática común en cada quenda, que serán as seguintes:

· **Temática 1:** 22 de xuño a 3 de xullo. **Á abordaxe!** Prepárate para ser un pirata e cruzar os sete mares xunto a nosa tripulación. Descifra mapas antigos, supera retos e atopa o tesouro escondido. Arriade as velas e prepara o desembarco!

· **Temática 2:** 6 ao 17 de xullo. **Pinceladas no tempo.** Descubre os segredos da arte e viaxa desde a pintura rupestre ata os deseños máis xeométricos, desde os clásicos ata as vangardas. Coñece e xoga coas grandes obras de todos os tempos e mergúllate neste paseo pola arte. Esperta ao xenio que levas dentro!

· **Temática 3:** 20 ao 31 de xullo. **Misión espacial.** Este ano, o fenómeno do século cruza A Coruña. O sol, a lúa e os eclipses cobran vida e ocuparán os días nesta quenda. Convértete en astrónomo, en vixiante do espazo para realizar simulacións, experimentos e descubrir misterios espaciais.

CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN:

Na ficha de inscrición detallarase se se autoriza o uso da imaxe do/da menor, se ten algunha alerxia alimentaria, se padece algunha doenza que lle impida realizar actividade física ou se precisa algún tipo de atención individualizada.

Os servizos de madrugadores e comedor só se porán en marcha cun mínimo de 10 participantes en cada un deles.

As persoas participantes comprométese a cumprir os requisitos establecidos nas bases do programa e deberán asinar un documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado; este documento entregarase antes do inicio do campamento, asinado pola nai, pai ou titor/a legal do/da menor.

MÁIS INFORMACIÓN:

www.fedapasacoruna.org – Teléfonos 649 055 939 / 698 158 503 / 981 202 002

CAMPAMENTOS FÓRUM E ÁGORA 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Para nenos e nenas nados do 1/01/2014 ao 31/12/2022.

- * *Levaranse a cabo dous sorteos un ordinario e outro NEE.*
- * *Requisitos específicos para acceder ao sorteo NEE:*

Para os efectos da participación nos campamentos de Ágora e Fórum, as prazas NEE destínanse a menores con necesidades educativas especiais escolarizados en centros educativos ordinarios a xornada completa, co obxectivo de favorecer a súa participación nun programa de lecer educativo grupal, baseado en actividades activas, desprazamentos e saídas programadas. Non se realizan tarefas de carácter hixiénico -sanitario.

Non terán a consideración de NEE, aos únicos efectos da participación nos Campamentos do Ágora e do Fórum, aquelas situacións que non constitúan unha necesidade educativa especial, aínda que requiran determinadas atencións ou coidados, tales como, a título exemplificativo e non exhaustivo, alerxias ou intolerancias alimentarias (incluída a celiaquía), ou dietas especiais.

No caso de que unha solicitude presentada para a quenda NEE non cumpra cos requisitos establecidos, non se corresponda cunha situación de NEE ou non sexa debidamente xustificada, a persoa solicitante pasará automaticamente a integrarse na quenda ordinaria, asignándoselle o número de orde que lle corresponda segundo a data e hora da inscrición, sen que dita circunstancia xere dereito preferente ningún nin reserva de praza na quenda NEE.

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio (a través da web municipal www.coruna.gal/campamentos2026).

Listaxes provisionais de admitidos/as: 15 de maio.

Reclamacións ás listaxes de admitidos/as: 18 e 19 de maio.

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Reclamacións: 18 e 19 de maio.

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño.

Inscripción e pagamento: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

- * *Pódense solicitar todas as quendas que se desexen, indicando a orde de preferencia, e incluso escoller quendas en ambos centros.*

Chamadas á lista de espera: a partir do **10 de xuño**.

Asignarase un número de rexistro a cada solicitude segundo a orde de entrada do formulario.

- * *Tratarase de conceder, cando menos, unha quenda a cada participante antes de asignar unha segunda.*
- * *Se a primeira ou última praza dunha quenda corresponde a un/ha participante cun/ha irmán/á inscrito/a de forma consecutiva, ambos obterán praza.*
- * *No caso de existir duplicidade nalgunha solicitude (dúas persoas distintas ou dúas veces a mesma para o/á mesmo/a menor), só se terá en conta a realizada en último lugar.*
- * *As listas de agarda empregaranse para cubrir prazas vacantes por falta de formalización ou renuncia.*

QUENDAS:

5 quendas de campamento (con 9 grupos en cada centro por quenda) ademais dunha persoa de apoio por centro e quenda:

- 1ª quenda: do 22 de xuño ao 3 de xullo (o 24 de xuño é festivo, non hai campamento).
- 2ª quenda: do 6 ao 17 de xullo.
- 3ª quenda: do 20 ao 31 de xullo.
- 4ª quenda: do 3 ao 14 de agosto.
- 5ª quenda: do 17 ao 28 de agosto.

HORARIO:

Horario xeral: de luns a venres, de 10:00 a 14:00 h.

Horario ampliado: posibilidade de ampliación de 08:30 a 14:30 h.

- * *A media mañá farase unha pequena pausa para merendar; cada participante deberá traer a súa propia merenda.*
- * *O último día de cada quenda o horario prolongarase aproximadamente ata as 17:00 h, debido a unha saída especial; cada participante deberá traer a súa comida ese día (as saídas terán lugar os días 4 e 18 de xullo, e 1, 14 e 29 de agosto).*

ESPAZO DE REALIZACIÓN: Centro Ágora ou Fórum Metropolitano (segundo o centro elixido en cada quenda).

TRANSPORTE: Non se ofrece servizo de transporte.

Nº PRAZAS: 1.350 prazas en total, 134 prazas en sorteo ordinario e 1 praza en sorteo NEE, en cada un dos Centros (Ágora e Forum) e por quenda.

COTA DE INSCRICIÓN:

35,00 € (horario xeral de 10:00 a 14:00 h).

Modalidades horarias ampliadas dispoñibles:

- Modalidade A (10:00 a 14:30 h): 38,00 €
- Modalidade B (9:00 a 14:00 h): 40,00 €
- Modalidade C (8:30 a 14:30 h): 45,00 €

Unha vez realizado o abono do campamento non se realizarán devolucións, salvo causa xustificada.

PAGAMENTO:

O pagamento da cota realizarase mediante transferencia á conta Banco Santander ES95 0049 7796 1426 1000 4476 (Concepto: Campas FORUM ou Campas ÁGORA Beneficiario: OSVENTOS, INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL. – NIF: B70493275).

É imprescindible enviar o comprobante por correo electrónico a forumagora@osventos.com (indicando nome do/da participante, quenda, centro e modalidade horaria).

Por favor, dende as aplicacións dos bancos moitas veces non nos envían o nome do ordenante nin o concepto que abonan; por iso agradecemos o envío do PDF ou a captura de imaxe da transferencia dende o seu correo. GRAZAS.

No caso de non realizar o pagamento ou non enviar o xustificante nos prazos establecidos, a praza quedará vacante e chamarase á seguinte persoa en lista de agarda.

As facturas emítese unha vez rematada a quenda de cada campamento, deben recibilas nos seus correos na semana seguinte á finalización da quenda.

De non ser así, é preciso que se poñan en contacto inmediatamente para evitar demoras posteriores, deberá marcarse a casíña correspondente ao formalizar a solicitude (emitirase a nome da persoa solicitante).

TEMÁTICAS POR CENTRO E QUENDA:

Centro Ágora:

- 1ª quenda: “Arriba o telón: O Escenario dos Sonos”
- 2ª quenda: “Pandora: O espertar dos elementos”

- 3ª quenda: “Gardiáns do faro: Tras a pista dos 10 mestres”
- 4ª quenda: “Misión Atlántida: O Enigma do Reino Somerxido!”
- 5ª quenda: “A Cidade de Cristal: Unha Viaxe no Tempo”

Fórum Metropolitano:

- 1ª quenda: “Gardiáns do faro: Tras a pista dos 10 mestres”
- 2ª quenda: “Misión Atlántida: O Enigma do Reino Somerxido!”
- 3ª quenda: “A Cidade de Cristal: Unha Viaxe no Tempo ”
- 4ª quenda: “Arriba o telón: O Escenario dos Sonos”
- 5ª quenda: “Pandora: O espertar dos elementos”

DESCRICIÓN DAS TEMÁTICAS:

Arriba o telón: O Escenario dos Sonos: Cando as luces apáganse e o silencio asolaga a sala, un universo de infinitas posibilidades comeza a latexar. Tras o veludo vermello, as sombras cobran vida e as voces do pasado e o futuro esperan ser liberadas por aqueles que se atrevan a ser outros. Ao longo do campamento, o aire encherase de historias xamais contadas, onde cada xesto é un secreto e cada mirada, unha emoción por descubrir. Unha viaxe etéreo cara ao corazón do drama e a comedia, onde a realidade desvanécese para dar paso á eterna representación.

Pandora: O espertar dos elementos: Un rumoreo ancestral percorre os bosques e costas, anunciando que o equilibrio de Pandora foi alterado. Os antigos vínculos entre a terra, a auga, o aire e o lume agardan a aqueles valentes capaces de sentir o latexado da natureza. Nesta travesía, os exploradores deberán conectar coa esencia de cada elemento para espertar a enerxía durmida que protexe o noso mundo. Unha aventura sensorial onde o invisible vólvese real e cada recuncho da natureza esconde unha conexión sacra.

Gardiáns do faro: Tras a pista dos 10 mestres: Baixo a sombra milenaria da Torre de Hércules, un antigo secreto comezou a espertar. A Coruña ten a través de todos os seus monumentos un rastro de enigmas ocultos: os seus xardíns, as súas prazas, os seus edificios, o seu porto,... Só os Gardiáns do Faro, guiados polo enxeño dos detectives máis audaces da historia, poderán descifrar os sinais que outros ignoran. Unha travesía onde cada esquina da cidade é unha pista e cada sombra, un relato por descubrir.

Misión Atlántida: O Enigma do Reino Somerxido!: Tras milenios de silencio, as correntes mariñas traen consigo o eco dunha civilización que o tempo cría esquecida. Só aqueles coa coraxe dos antigos exploradores poderán descifrar os susurros do mar e desvelar os segredos que descansan no abismo. Unha travesía para reconectar co latexado do océano e rescatar un legado de maxia e luz oculto baixo o azul profundo. O portal ao continente perdido está a piques de abrirse...

A Cidade de Cristal: Unha Viaxe no Tempo: Unha misteriosa brétema cubriu as fachadas da Coruña, ocultando secretos que só os máis observadores poderán descifrar. Tras os reflexos das galerías e as formas imposibles da pedra, na nosa cidade modernista, agarda un legado da Belle Époque, esperando ser redescuberto. Unha travesía chea de enigmas históricos onde cada detalle da paisaxe é unha pista cara ao pasado.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:

As persoas participantes comprométense a cumprir unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal mediante a sinatura dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado. Este documento deberá ser asinado e entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/da menor.

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE DÍA 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Nenas e nenos nados entre o 1/01/2014 e o 31/12/2022.

- * *Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional nun grao que non lles impida participar nas actividades co grupo, contando cun monitorado de apoio que non realiza tarefas de carácter sanitario.*
- * *Existen bolsas e prazas reservadas para menores usuarios/as dos programas sociais municipais.*

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio a través das webs coruna.gal/campamentos2026 e coruna.gal/servizossociais. As persoas que non dispoñan de medios informáticos para facela en liña poderán chamar os días 4,5 e 6 de maio ao 695 133 494 (tres liñas) de 9.00 a 20.00 h.

Publicación de listaxes provisionais de solicitantes:

15 de maio (consultables nas webs coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos taboleiros dos centros cívicos).

Reclamacións: 18 e 19 de maio (nº telf.695.133.494,horario 9:30–20:00 h).

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño (en coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos centros cívicos).

Inscrición e aboamento da cota: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

Chamadas á lista de espera: a partir do **10 de xuño**.

* *Un/ha mesmo/a menor pode solicitar, por orde de preferencia, ata 3 quendas de campamento de día.*

* *No momento de formalizar a preinscrición, a persoa solicitante recibirá un correo electrónico co resumo da súa solicitude.*

* *A preinscrición dos/das menores que soliciten praza por diversidade funcional deberá incluír unha ficha de coñecemento persoal para planificar os apoios necesarios.*

** Os nenos e nenas que soliciten praza de diversidade funcional terán unha numeración e un sorteo propios.*

** Os irmáns deberán inscribirse de forma correlativa; de non ser así, non se garante praza para estaren xuntos.*

** Se existe duplicidade nalgunha solicitude (dúas persoas diferentes ou a mesma persoa dúas veces para o/a mesmo/a menor), só se terá en conta a inscrición realizada en último lugar.*

QUENDAS: 4 quendas en total.

1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo

2ª Quenda: do 16 ao 31 de xullo

3ª Quenda: do 1 ao 15 de agosto

4ª Quenda: do 16 ao 31 de agosto

HORARIO:

De luns a venres, de 10:00 a 18:00 h (os días festivos non haberá campamento). Non se ofrece servizo de madrugadores nin de tarde.

ESPAZO DE REALIZACIÓN:

Colexio Calasanz PP Escolapios da Coruña.

Transporte: Si (incluído no campamento).

Nº PRAZAS: 416 en total.

Prazas NEE: 16 en total (4 por quenda, atendidas por monitorado especializado).

COTA DE INSCRICIÓN:

85,00 € (inclúe transporte e comida diaria).

** Pagamento realizarase na conta ES89 0081 0390 1300 0146 0949, subindo o xustificante de pago á plataforma web xunto coa documentación requirida.*

** As persoas que realicen a inscrición por teléfono deberán enviar o xustificante ao correo inscripciones@axinasd.com.*

** Se se desexa obter factura, deberá marcarse a casíña correspondente ao facer a solicitude (emitirase a nome da persoa solicitante).*

ACTIVIDADES PREVISTAS:

Arredor do proceso de crecemento persoal de Zapi, quen, tras as súas aventuras previas, ingresa na Escola de Detectives do Tempo para formarse como detective e garda do campamento. Ao longo da súa aprendizaxe, enfróntase a distintos

desafíos relacionados coa protección do equilibrio temporal que lle permiten desenvolver competencias e valores clave como o traballo en equipo, o respecto polo medio, a valoración de diversidades e un liderado responsable. En resumo, a trama reflexiona sobre a importancia da empatía, a responsabilidade colectiva e a acción consciente para mellorar o entorno social e natural.

Todo isto, a través de obradoiros creativos e actividades (recreativas, deportivas, dinámicas de grupo e valores, natureza e culturais...)

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

As persoas participantes deberán cumprir os requisitos esenciais de carácter sanitario e legal mediante un documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, que deberá ser asinado e entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/da menor.

CAMPAMENTOS URBANOS NOS CENTROS CÍVICOS 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Menores nados/as entre o 1/01/2014 e o 31/12/2022

** Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional cun grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán cun monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.*

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio, a través das webs coruna.gal/campamentos2026 e coruna.gal/servizossociais. As persoas que non dispoñan de medios informáticos para facela en liña poderán chamar os días 4,5 e 6 de maio ao 695 133 494 (tres liñas) de 9.00 a 20.00 h.

Listaxes provisionais de admitidos/as: 15 de maio (consultables nas webs coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos taboleiros dos centros cívicos).

Reclamacións: 18 e 19 de maio (nº tel.695 133 494 en horario 9:30–20:00 h).

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño (en coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos centros cívicos).

Inscrición e pagamento: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

Xestión da lista de espera: a partir do 10 de xuño (as comunicacións realizaranse a través do correo electrónico da preinscrición)

** Un/ha menor pode solicitar, indicando a orde de preferencia, ata 3 quendas de campamento urbano (pode elixir quendas no mesmo centro cívico ou en centros diferentes).*

** Non se poderán solicitar as mesmas quendas en centros diferentes; de detectarse solicitudes idénticas para o mesmo/a menor en varios centros, anularanse todas as súas solicitudes.*

** Ao formalizar a preinscrición, o/a interesado/a recibirá no seu correo electrónico un xustificante co resumo da solicitude.*

** Para que a preinscrición dos/das menores que soliciten praza por diversidade funcional se considere correcta, terá que cubrir a ficha de coñecemento persoal do formulario para planificar os apoios necesarios.*

** Os nenos e nenas que soliciten praza de diversidade funcional terán numeración e sorteos propios.*

** Os irmáns deberán inscribirse de forma correlativa; en caso contrario, non se garante que obteñan praza xuntos.*

** Se existe duplicidade nalgunha solicitude (dúas persoas distintas ou a mesma persoa dúas veces para un/ha mesmo/a menor), só se terá en conta a última inscrición realizada.*

QUENDAS: 5 quendas en total.

- 1ª Quenda: do 1 ao 15 de xullo
- 2ª Quenda: do 16 ao 31 de xullo
- 3ª Quenda: do 1 ao 15 de agosto
- 4ª Quenda: do 16 ao 31 de agosto
- 5ª Quenda: do 1 de setembro ata o último día laborable anterior ao comezo do curso escolar.

HORARIO:

Horario xeral: de luns a venres, de 10:00 a 14:00 h (os días festivos non haberá campamento).

Horario ampliado: de luns a venres, de 9:00 a 14:30 h.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN:

Horario xeral + ampliado: Centros Cívicos de Castrillón, Eirís, Elviña, Os Mallos, Novo Mesoiro, Monte Alto, Novoboandanza, Palavea, Os Rosales, Cidade Vella e San Diego.

Horario Xeral (sen ampliación) nas 5 quendas: Centro cívico Monelos e no Espazo de Intervención Cultural Normal UDC

Só horario xeral (sen ampliación) en xullo: Centros Cívicos de Feáns, San Pedro de Visma, A Silva, Artesáns, Sagrada Familia, Santa Margarida, Santa Lucía, Pescadores, Castro de Elviña e no centro O Birloque

TRANSPORTE: Non se ofrece transporte.

Nº PRAZAS: 2.250 prazas en total

** A distribución por centro e quenda dependerá da demanda e capacidade de cada sede.*

Prazas NEE: 56 prazas en total

COTA DE INSCRICIÓN: 26,00 € (horario xeral); 32,00 € (horario ampliado).

** O pago realizarase mediante ingreso na conta ES55 2085 8313 8603 3011 8144, subindo o xustificante de pago á páxina web municipal. As persoas que fagan a inscrición por teléfono deberán enviar o xustificante por correo a campamentosurbanos@grupovitae.com. Se desexa obter factura, deberá marcarse a casíña correspondente ao facer a solicitude (a factura emitirase a nome da persoa solicitante).*

** Se un/unha menor admitido/a ten irmán/irmá con número de preinscrición correlativo (anterior ou posterior), todos/as obterán praza.*

** É preciso un mínimo de 9 participantes para formar un grupo; no caso contrario, o Concello resérvase o dereito de anular o campamento nesa quenda/centro.*

** Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota agás por causas imputables ao prestador do servizo.*

** A inscrición supón a aceptación destas condicións; o incumprimento das mesmas poderá supoñer a perda da praza.*

ACTIVIDADES PREVISTAS:

Este verán o campamento xirará arredor dos Festivais de Galicia. En cada quenda realizarase un percorrido por algunhas das festas e tradicións máis representativas da comunidade, achegando as nenas e nenos á cultura, á música, á gastronomía e aos costumes propios de cada celebración. Todo isto a través de obradoiros creativos, xogos cooperativos e dinámicas participativas que fomenten o coñecemento, a convivencia e a sensibilización.

Ao longo do campamento poden levarse a cabo saídas a parques próximos ao centro. Ao remate de cada quenda realizarase unha excursión programada en autobús , sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Mediante a inscrición no campamento autorízase expresamente a participación do/a menor na saída ao parque próximo ao centro cívico e a excursión.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

Existen bolsas e prazas reservadas para menores usuarios/as dos programas sociais municipais. As persoas participantes comprometeranse a cumprir unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal mediante a sinatura dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado. Este documento deberá ser asinado e entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/da menor.

A aceptación e formalización da praza no campamento, supón que o menor debe participar na totalidade das actividades que se leven a cabo, tanto dentro como fóra da instalación, atendendo á programación do campamento.

CAMPAMENTOS TRADICIONAIS DE PERNOCTACIÓN 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Rapazas e rapaces nados do 1/01/2010 ao 31/12/2018.

** Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional nun grao que lles permita participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.*

** Existen bolsas e reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais.*

ESPAZO DE REALIZACIÓN: Estación de Montaña de **Manzaneda (Ourense)** – instalacións con aloxamento e servizos de restauración.

CALENDARIO

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio, a través das webs coruna.gal/campamentos2026 e coruna.gal/servizossociais. As persoas que non dispoñan de medios informáticos para facela en liña poderán chamar os días 4,5 e 6 de maio ao 695 133 494 (tres liñas) de 9.00 a 20.00 h.

Listaxes provisionais de admitidos/as: 15 de maio (consultables nas webs coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos taboleiros dos centros cívicos).

Reclamacións: 18 e 19 de maio (no tel. 695 133 494, horario 9:30–20:00 h).

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño (en coruna.gal/campamentos2026, coruna.gal/servizossociais, no 010 e nos centros cívicos).

Inscrición e aboamento: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

Chamadas á lista de espera: a partir do 10 de xuño.

Regras durante a preinscrición:

- * Un/ha mesmo/a menor pode solicitar, indicando a orde de preferencia, **ata dúas quendas**.
- * Ao formalizar a solicitude recibirá un correo electrónico co resumo.
- * A solicitude de praza para diversidade funcional debe incluír unha ficha de coñecemento persoal.
- * As persoas con diversidade funcional terán numeración e sorteo propios.
- * Os irmáns deben inscribirse de forma correlativa para garantir praza xuntos.

* En caso de duplicidade de solicitudes, só se terá en conta a última rexistrada.

QUENDAS

- 1ª Quenda: 5 ao 11 xullo, menores de entre 8 e 11 anos
- 2ª Quenda: 12 ao 18 xullo, menores de entre 12 e 16 anos
- 3ª Quenda: 2 ao 8 agosto, menores de entre 8 e 11 anos
- 4ª Quenda: 9 ao 15 agosto, menores de entre 12 e 16 anos

HORARIO: Todo o día, con aloxamento nocturno.

TRANSPORTE: Habilitarase un autobús.

Nº PRAZAS:

180 prazas totais (repartidas entre as 4 quendas segundo a demanda e a capacidade da sede).

4 prazas para NEE (un total para repartir entre quendas segundo a demanda).

COTA DE INSCRICIÓN: 85 €. Inclúe transporte de ida e volta en autobús e pensión completa.

PAGAMENTO: O pagamento realizarase na conta **ES95 0049 7796 1426 1000 4476.**

- * *Cómpre subir o xustificante de pago á web ou envíalo por correo a **campamentoscoruna@osventos.com** se a inscrición se realizou por teléfono.*
- * *Se se precisa factura, marcarase a casíña correspondente na solicitude; emitirase a nome da persoa solicitante.*
- * *Unha vez formalizada a inscrición, só se devolverá a cota por causas atribuíbles ao prestador do servizo.*

TEMÁTICA – “Aventura na montaña”

Unha semana en contacto directo co medio natural chea de experiencias, aventuras, natureza e convivencia na que as persoas participantes descubrirán a contorna da montaña a través de actividades deportivas, xogos e dinámicas de grupo. O respecto pola natureza, o compañeirismo e a superación persoal combinada coa diversión ao aire libre serán fundamentais

CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

As persoas participantes deberán asinar, antes de iniciar o campamento, o documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado (nai, pai ou persoa responsábel legal). É necesario que as persoas participantes saiban nadar.

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Nenas e nenos nados do 1/01/2014 ao 31/12/2020.

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio a través de www.coruna.gal/deportes.

Listaxes provisionais de admitidos/as: 15 de maio.

Reclamacións: 18 e 19 de maio.

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño.

Inscrición: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

- * *Asignarase un número a cada solicitude por orde de entrada.*
- * *Concederanse, preferentemente, prazas nunha soa quenda por persoa antes de adxudicar unha segunda quenda no caso de vacantes.*
- * *No caso de duplicidade dunha solicitude, só se terá en conta a última realizada.*

QUENDAS: 4 quendas en total.

- **1ª quenda:** do 1 ao 15 de xullo
- **2ª quenda:** do 16 ao 31 de xullo
- **3ª quenda:** do 1 ao 15 de agosto
- **4ª quenda:** do 16 ao 31 de agosto

HORARIO:

Horario xeral: de luns a venres (agás festivos), de 09:00 a 14:00 h.

Horario ampliado: de luns a venres (agás festivos), de 08:30 a 14:30 h.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN: Cidade Deportiva de Riazor e Polideportivo Municipal de Novo Mesoiro.

TRANSPORTE: Non se ofrece servizo de transporte.

Nº PRAZAS: 640 prazas (160 por quenda).

COTA DE INSCRICIÓN: 48,18 euros (quenda 1 e 4); 52,56 euros (quenda 2); 43,80 euros (quenda 3).

ACTIVIDADES PREVISTAS: Realización de actividades deportivas, deportes ao aire libre, ademais doutras actividades de animación.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

A información detallada sobre o campamento atópase nas bases da convocatoria. As persoas participantes comprometeranse a cumprir o establecido nesas bases e unha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal mediante a sinatura dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado. Este documento deberá ser asinado e entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/da menor.

CAMPAMENTOS MOCIDADE 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Mozos e mozas de 12 a 17 anos (nados entre 2009 e 2014), organizados en grupos de idade.

- * *Poderán participar mozos e mozas con diversidade funcional (máximo 2 prazas por quenda), sempre que: (1) teñan capacidade de comunicación e participación nas actividades do campamento; (2) teñan unha mobilidade acorde coas características das actividades; (3) non presenten trastornos que poidan alterar a convivencia durante a actividade.*
- * *Ademais, as persoas cun grao de discapacidade igual ou inferior ao 33% deberán indicalo no formulario de solicitude para planificar os apoios persoais necesarios. De resultar seleccionado/a no sorteo, a organización contactará coa familia para solicitar un informe médico que valore as adaptacións necesarias.*

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio (exclusivamente en liña, a través de coruna.gal/campamentos2026).

Publicación de listaxes provisionais de preinscritos/as: 15 de maio.

Reclamacións: 18 e 19 de maio.

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Publicación de listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño (en coruna.gal/campamentos2026).

Inscrición dos admitidos/as: 2, 3, 4 e 5 de xuño.

- * *Asignarase un número de solicitude a cada preinscrición segundo a orde de entrada.*
- * *Só se adxudicará praza nunha quenda por persoa (priorizarase dar unha quenda a cada solicitante antes de asignar segundas quendas).*
- * *Habilitarase unha listaxe de agarda en cada quenda para cubrir prazas vacantes por falta de inscrición ou renuncia.*
- * *As persoas admitidas deberán confirmar a aceptación da praza enviando un correo a xuventude@coruna.gal.*
- * *No caso de non recibir confirmación no prazo establecido, a partir do 10 de xuño a praza pasará á seguinte persoa en lista de agarda.*
- * *Será preciso un mínimo de 30 participantes por quenda; no caso contrario, o Concello resérvase o dereito de cancelar ese turno.*

- * *Os irmáns deberán inscribirse de forma correlativa. Se non o fan, non se garante que obteñan praza na mesma quenda.*
- * *No caso de solicitudes duplicadas para o mesmo menor, só se terá en conta a última recibida.*

QUENDAS:

· **1ª Quenda:** do 30 de xuño ao 10 de xullo

· **2ª Quenda:** do 13 ao 24 de xullo

HORARIO: De luns a venres, de 09:00 a 14:00 h (*os días festivos non haberá campamento*).

ESPAZO DE REALIZACIÓN: Polideportivo Municipal de Labañou.

- * *A actividade combinará esta sede fixa con saídas a distintos espazos urbanos para a realización de actividades ao aire libre.*

TRANSPORTE: Habilitarase un autobús que realizará unha ruta de ida e volta con 6 paradas establecidas pola organización.

Nº PRAZAS: 100 prazas (50 por quenda).

Prazas NEE: 2 por quenda.

COTA DE INSCRICIÓN: Gratuíta (inclúe o transporte).

- * *Ao ser un campamento de balde e con alta demanda, a falta de asistencia inxustificada suporá a baixa inmediata da persoa participante.*

TIPOLOXÍA DE ACTIVIDADES:

Multideportivas e medio acuático: iniciación ao snorkel, kaiak, paddle surf, tiro con arco, deportes alternativos (kinball, floorball, ultimate), xogos deportivos na praia, deportes de equipo, etc.

Lúdico-recreativas: xogos de rastrexo e de pistas, orientación, geocaching, obradoiros creativos, xogos de cooperación, etc.

Medioambientais: sendeirismo polo contorno natural, roteiros de exploración e recollida de algas, elaboración de xogos con material de refugallo, etc.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:

Cada participante poderá solicitar praza nas dúas quendas existentes, pero só poderá resultar adxudicatario/a dunha delas. Se no sorteo obtívese praza nas dúas quendas, deberá renunciar a unha.

No caso de obter praza no sorteo, esta deberá confirmarse nos prazos indicados a través do correo xuventude@coruna.gal; de non confirmar no prazo, entenderase

que renuncia e a praza pasará á seguinte persoa en espera. Ademais, cada persoa con praza confirmada deberá achegar a documentación requireda polo Servizo de Xuventude (documentación sanitaria, autorizacións, etc.) antes do inicio do campamento, ou perderá o dereito á mesma.

O campamento constitúe un único turno de dúas semanas indivisibles (non se admite participar só unha semana e ausentarse a outra; de darse esta práctica, poderán aplicarse sancións de baixa nos campamentos de 2026).

Ao ser unha actividade gratuíta e con alta demanda, a falta de asistencia inxustificada suporá a baixa inmediata do participante.

Trátase dun campamento multideportivo con actividades no medio acuático, polo que é imprescindible saber nadar.

Cada participante deberá respectar as normas establecidas polo persoal responsable e polas instalacións, así como a normativa vixente. A participación no campamento supón a aceptación das condicións xerais e particulares dos campamentos municipais do Concello da Coruña expostas na páxina web de campamentos do Concello.

ESCOLA DE VERÁN DA OMIC 2026

PERSOAS DESTINATARIAS: Nenas e nenos nados entre 2016 e 2022.

* *Reserva de prazas para menores con necesidades educativas especiais, que deberán estar escolarizados/as en centros educativos ordinarios.*

CALENDARIO:

Preinscrición: 4, 5, 6 e 7 de maio a través de coruna.gal/campamentos2026.

Listaxes provisionais de admitidos/as: 15 de maio.

Reclamacións: 18 e 19 de maio.

Publicación das listaxes provisionais : 20 de maio

Sorteo de prazas: 21 de maio.

Listaxes definitivas de admitidos/as: 1 de xuño.

Inscrición (persoas admitidas): 2, 3, 4 e 5 de xuño.

Lista de espera: a partir do 10 de xuño.

QUENDAS: 2 quendas de campamento (50 prazas cada quenda, organizadas en 2 grupos de 25).

- **1ª quenda:** do 1 ao 15 de xullo
- **2ª quenda:** do 16 ao 30 de xullo

Prazas NEE: 8 (4 en cada quenda).

HORARIO: de luns a venres, de 09:00 a 14:00 h (*sábados, domingos e festivos excluídos*).

Horario ampliado por conciliación: entrada dende as 07:50 h e saída ata as 15:00 h (*este horario ampliado debe solicitarse no momento da inscrición*).

ESPAZO DE REALIZACIÓN: Centro Municipal de Emprego (Estrada dos Fortes, 16 – Os Rosales, A Coruña).

TRANSPORTE: Non hai servizo de transporte.

COTA DE INSCRICIÓN: Gratuíta.

ACTIVIDADES PREVISTAS:

Primeira quenda – “Economía circular e consumo: xogar, crear e coidar o planeta”

Durante esta quenda realizaremos xogos, obradoiros creativos e retos en equipo para achegar ás nenas e nenos á economía circular. Traballaremos co uso de materiais de segunda vida, fomentando a creatividade, a cooperación e pequenas decisións máis conscientes a través do xogo e da experimentación.

Segunda quenda – “Publicidade e consumo: mensaxes que contan e ideas que crean”

Achegaremos ás nenas e nenos ao mundo da publicidade e do consumo a través do xogo. Mediante actividades creativas, retos en equipo e pequenas campañas publicitarias, aprenderán a observar os anuncios con sentido crítico e a crear as súas propias mensaxes, fomentando un consumo responsable nun ambiente lúdico e participativo.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

As prazas ofertadas cubriranse preferentemente con menores de familias que necesiten conciliar a vida laboral e familiar. Terán preferencia na asignación de praza as persoas participantes empadroadas no Concello da Coruña que, acrediten que durante a quincena solicitada a persoa ou persoas responsables do coidado do/a menor se atopan traballando.

A inscrición das persoas admitidas realizarase exclusivamente a través da páxina web municipal. As prazas adxudicaranse mediante sorteos diferenciados para cada quenda e para cada cota de prazas. No caso de inscricións duplicadas para un/ha mesmo/a menor (por dúas persoas distintas ou dúas veces pola mesma), só se terá en conta a última realizada. Cada menor só poderá participar nunha quenda; só se lle permitirá asistir a unha segunda quenda no caso de que, unha vez finalizado o prazo inicial de inscrición, queden prazas vacantes. Os participantes no campamento reciben cada día, a media mañá, unha merenda infantil saudable. Os/as nenos/as que fagan uso do horario ampliado de conciliación poden levar o seu almorzo preparado da casa.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

No formulario de inscrición indícase se se autoriza o uso da imaxe do/da menor, se presenta algunha alerxia alimentaria, se padece algunha doenza que lle impida realizar actividade física ou se precisa algún tipo de atención individualizada. As persoas participantes deberán cumprir unha serie de requisitos esenciais de

carácter sanitario e legal mediante a sinatura dun documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, que será entregado antes do inicio do campamento e deberá ir asinado pola nai, pai ou responsable legal do/da menor.

Requisitos específicos para NEE:

Só poden solicitar praza NEE menores con necesidades educativas especiais escolarizados en centros educativos ordinarios.

Para os efectos da participación na Escola de Verán OMIC, as prazas NEE destínanse a menores con necesidades educativas especiais escolarizados en centros educativos ordinarios a xornada completa, co obxectivo de favorecer a súa participación nun programa de lecer educativo grupal, baseado en actividades activas, desprazamentos e saídas programadas.

Non terán a consideración de NEE, aos únicos efectos da participación na Escola de Verán, aquelas situacións que non constitúan unha necesidade educativa especial, aínda que requiran determinadas atencións ou coidados, tales como, a título exemplificativo e non exhaustivo, alerxias ou intolerancias alimentarias (incluída a celiaquía), ou dietas especiais.

No caso de que unha solicitude presentada para a quenda NEE non cumpra cos requisitos establecidos, non se corresponda cunha situación de NEE ou non sexa debidamente xustificada, a persoa solicitante pasará automaticamente a integrarse na quenda ordinaria, asignándoselle o número de orde que lle corresponda segundo a data e hora da inscrición, sen que dita circunstancia xere dereito preferente ningún nin reserva de praza no turno NEE.

Conciliación da vida laboral e familiar

Para a asignación de prazas do campamento terase en conta a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar, entendida como a imposibilidade de atender aos menores durante a quincena solicitada por motivos laborais.

Estas circunstancias deberán ser debidamente xustificadas cando sexa requirido pola organización.

Terán preferencia na asignación de praza as persoas participantes empadroadas no Concello da Coruña que acrediten que durante a quincena solicitada a persoa ou persoas responsables do coidado do/a menor se atopan traballando.

No caso de que se declare unha situación de conciliación que non se corresponda coa realidade ou non se xustifique adecuadamente, a solicitude perderá automaticamente a preferencia, e a praza asignarase conforme á orde xeral de inscrición, sen dereito a manter a prioridade inicialmente solicitada.

Aviso importante

A inscrición na Escola de Verán implica un compromiso de asistencia regular e responsable.

Ao tratarse dun servizo gratuíto e con prazas limitadas, a ocupación dunha praza sen un uso efectivo impide o acceso a outras familias que se atopan en lista de agarda. Por este motivo, apélase á responsabilidade das familias e á comunicación previa no caso de non poder continuar coa actividade por motivos xustificadas, co fin de garantir un uso axeitado e equitativo do servizo.

A praza só deberá solicitarse cando se poida garantir a asistencia, contribuíndo así a un uso xusto e responsable dun recurso moi demandado.